

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Anuncio publicación lista definitiva de admitidos, composición do tribunal cualificador e fixación datas e lugar primeiro e segundo exame, para a cobertura dunha praza de técnico de normalización lingüística

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía 65/2019 de 12 de abril de 2019 aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos, a composición do tribunal cualificador e a fixación das datas de realización dos exames da convocatoria para a provisión dunha praza de técnico de normalización lingüística no marco do proceso de consolidación de emprego temporal levado a cabo no Concello de Rois.

A designación de membros do Tribunal e a convocatoria para o primeiro e segundo exame, será a seguinte, tal e como recolle a resolución que deseguido se transcribe:

“Logo de ver a Resolución da Alcaldía núm. 46/2019 de data 21 de marzo de 2019 na que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria en relación coas probas de selección, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal, dunha praza de técnico/a de normalización lingüística, vacante no cadro de persoal municipal, e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 22 de data 31 de xaneiro de 2019.

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en Resolución da Alcaldía núm. 4/2019 de data 25 de xaneiro de 2019, e en virtude do artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Estimar as alegacións presentadas por COBAS MEDÍN, DAVID logo de achegar a documentación esixida no prazo establecido.

SEGUNDO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

BURÉS MIGUÉNS, ANA ROSA
COBAS MEDÍN, DAVID
FERNÁNDEZ PAZO, NOA
FIGUEIRA SALGUEIROS, ISABEL
GARCÍA ROMERO, MINIA
GONZÁLEZ SÓÑORA, FRANCISCO
MÉNDEZ LÓPEZ, IVÁN
MUÍÑO NAVEIRA, SILVIA
ROMÁN VÁZQUEZ, ALEXANDRE
SEAGE FREIRE, INMACULADA

RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

ALEXANDRE TEIXEIRO, PAULA: Non achega DNI, titulación e permiso de conducir (puntos 3.1, 3.3 e 3.6 das bases da convocatoria)

TERCEIRO. Determinar que a composición do Tribunal cualificador é a seguinte:

Presidente: BEGOÑA COLLAZO ORTEGA, interventora do Concello de Rois, A Coruña.

Suplente: MÍRIAM NAVEIRA DONO, secretaria do Concello de Outes, A Coruña.

Secretario: DIEGO LOSADA ROMERO, secretario do Concello de Rois, A Coruña.

Suplente: ÁNGELA M.^a VIQUEIRA ALLO, secretaria do Concello de Dodro, A Coruña.

Vogal 1: JOSÉ ÁNGEL SORRIBAS BUSTELO, técnico de administración xeral do Concello de Rois, A Coruña.

Suplente: MANUELA SOFÍA ABELENDAS ANTELO, técnico de administración xeral do Concello da Baña, A Coruña.

Vogal 2: MARCELINO RIVERA RARÍS, técnico de administración xeral do Concello de Padrón, A Coruña.

Suplente: MANUEL CARRAMAL SILVA, técnico de administración financeira e contable da Deputación Provincial de Lugo.

Vogal 3: XERMÁN GARCÍA CANCELA, xefe do Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Suplente: MANUEL NÚÑEZ SINGALA, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago.

CUARTO. Establecer a reunión para a constitución do Tribunal cualificador e a cualificación dos méritos achegados polos aspirantes o día 23 de abril de 2019 ás 10.00 horas, e para a realización do primeiro exercicio o día 24 de abril de 2019, ás 13.00 horas, para a realización do segundo exercicio o día 25 de abril de 2019, ás 13.00 horas, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa.

QUINTO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de anuncios do Concello, a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do Tribunal e a data de convocatoria para o primeiro exercicio. Así mesmo quedará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://www.concello.org>."

Infórmase que tanto a reunión do Tribunal coma os exercicios desenvolveranse na Casa do Concello de Rois, lugar de Samil 1, Oín (Rois).

O que se fai público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e o artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o Alcalde deste Concello de Rois, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Rois, 12 de abril de 2019

O alcalde

Ramón Tojo Lens

2019/3017